


Unha branca de cobre para Martiño



Unha branca de cobre
para Martiño

Ramón Carredano Cobas

Título:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:
Idade:

Unha branca de cobre para Martiño
Ramón Carredano Cobas
Fino Lorenzo
Xerais
Merlín
112
84-9782-333-8
De 11 anos en diante
PREMIO MERLÍN 2005

XERAIS



o autor

Ramón Carredano Cobas

Naceu en Noia en 1950. Cofundador, con Xosé Agrelo, do grupo teatral Candeia. Continúa vencellado ao mundo da escena na Escola de Teatro Liceo de Noia.

Combina o seu traballo na banca co teatro e o labor de escritor.

Colabora nas revistas *Casa da Gramática* e *Alameda*.

Publicou dúas novelas: *Frei Samuel* e *A unlla da aguia*, gañadoras do certame de relatos de aventuras Avilés de Taramancos nos anos 2002 e 2004.

a obra

A Martiño fascinábao a historia que gardaba cada unha das moedas da súa colección. Tíñaas de todos os tempos: gregas, púnicas, romanas, medievais...

Na Noiteboa, cando anda a cumprir trece anos, o mareo provocado pola súa primeira copa de cava tráelle unha tremenda sorpresa na dormevela: esperta a bordo da *Santa María*, a nao do almirante Cristovo Colón, que, despois de tocar terra o 12 de outubro de 1492, leva máis de dous meses percorrendo as illas das Indias. Mal que ben vaise afacendo á vida no barco, pero cando toca Noiteboa –de novo– a *Santa María* embarranca e Martiño dáse un golpe que parece devolveo, de novo, á súa casa orixinal, á súa vida, despois de vivir dúas veces un mesmo día e unha mesma noite.

A branca de cobre do século XV na súa man fala de quen lla entregou no medio do mar, pero tamén do seu pai que lla regalou con motivo do aniversario.

Ese salto no espazo e no tempo queda aí, no baleiro, para que nós lle busquemos unha explicación.


Esta obra acadou o Premio Merlín 2005.

temas e valores



A descuberta dun novo continente

Revisar o que supuxeron as viaxes de Colón naquel tempo de descubertas compartidas cos navegantes portugueses.




A novela histórica

O relato ten a intención de apoiarse nos feitos históricos. Desta maneira xónguese a Literatura e Historia.




Novela de aventuras

Neste caso as aventuras dun neno galego do século XXI na América do XV.



O coleccionismo

Martiño colecciona moedas coa axuda do seu pai que lle colabora na catalogación e organización da colección.



A numismática

A través das moedas sabemos moito dunha determinada época. Elas son un resto, unha pegada importante para coñecer o pasado ou diferentes situacións nacionais no presente.

temas e valores



O compañeirismo e a amizade

Na *Santa María* moitos homes ocupan un lugar moi pequeno e están xuntos todas as horas do día; esta é unha situación moi especial. De aí a importancia de ser bos compañeiros. Aínda que sempre ten que haber alguén ruín, neste caso representado por Pedro Salcedo. Fronte a isto, a amizade de Martiño con Diego ou con Fernán de Coria pode entenercer.



O trópico. O Caribe

Martiño atópase, de repente, no medio dun clima tropical (no que se producen os froitos que aquí só vemos nos supermercados) e nas costas do Caribe (que coñece polas fotos publicitarias da axencia de viaxes que hai preto da súa casa).

actividades

Antes da lectura

- Co libro na man iremos falando do que nos suxire o título ou a ilustración da capa. Buscamos o nome do escritor e do ilustrador e comentamos se os coñecemos doutros libros que xa limos e a opinión que nos mereceron.
- Lemos o texto da contraportada e iremos adiantando o contido do libro.
- Manipulamos o libro para observar se é unha novela ou unha colección de contos, o tipo de letra que nos permitirá unha lectura máis ou menos doada, o índice ou os títulos publicados na colección Merlín.
- Podemos falar doutros libros da colección que teñamos lido presentándollos aos compañeiros ou comentándoos entre varios.
- Buscamos outros libros deste autor e deste ilustrador na biblioteca para poder realizar unha exposición mentres dure a lectura.
- Documentámonos sobre o autor lendo a solapa.
- Falamos do Premio Merlín, doutros libros que acadaran ese premio, dos membros do xurado...

Ao longo da lectura

- En Noiteboa, na casa de Martiño, teñen o costume de cantar panxoliñas. Vexamos, entre todos, cales coñecemos.
- Documentémonos acerca da numismática. Falemos dos lugares onde adoitan mercarse ou expoñerse as moedas. Vexamos se hai algún coleccionista que coñezamos e que poida contarnos algo máis acerca desta afección. Poderíamos rematar facendo unha exposición de moedas antigas.
- Imaxinemos a historia dunha moeda, desde que se fabrica e sae á luz ata os nosos días. Escribámola e ilustrémola.
- Distribuídos por grupos, busquemos datos sobre as civilizacións que van aparecendo no relato: grega, púnica, romana, medieval, fenicia.
- Martiño está mareado e todo lle dá voltas. Comentemos entre nós se pasamos por algunha situación semellante e como foi a experiencia.
- No barco hai un papagaio, unha ave tropical que acostuma repetir aquelas palabras que se lle ensinan ou escoita. Hai algunha frase feita en relación a isto. Lembrémola. Busquemos algunha fotografía desta ave e tamén información na biblioteca.
- Hai algunha película famosa sobre as viaxes no tempo, como esta que fai Martiño sen querer. Comentémolas.
- Vaíamos tomando nota das características de cada un dos personaxes que aparecen no texto. Logo poderemos describilos.

actividades

- Xa que o libro non ten máis ilustracións que a da capa podemos comprometer nos para ir ilustrando, entre todos, aqueles momentos do relato que nos resulten máis interesantes.
- A novela sitúanos nos tempos do chamado descubrimento de América, nas viaxes de Colón. Cómpre que lembremos algo dese momento histórico; unha pequena expedición á biblioteca axudaranos a repasar. Observemos que personaxes e que lugares dos que aparecen na novela teñen correspondencia coa historia daqueles tempos.
- Apuntemos os nomes dos oficios como «grumete», «piloto», «contramestre», «almirante», etc. e expliquemos en que consistía o seu traballo.
- Elaboremos un vocabulario propio deste texto, coas palabras que nos resulten novas ou difíciles. Completaremos o seu significado inferíndoo a partir do contexto ou coa axuda do dicionario.
- Tamén podemos facer o léxico da navegación daquela época apoiándonos no relato e nalgunha lámina que atoparemos nos libros de coñecemento.
- Ademais das referencias históricas, no libro aparece algunha literaria como *A illa do tesouro*. Alguén a quen lle gustase moito este libro pode falarlles del, e do seu autor, aos compañeiros.
- Contestemos:
 - ¿Como pescudaban a hora nos barcos do século XV?
 - ¿Para que necesitaban saber a hora exacta?
 - ¿A que se lle chamaba «prima», «modorra», «modorriña» e «alba»?
 - ¿Por que lle chamaban as Indias ao novo continente?
 - ¿Por que, posteriormente, recibiu o nome de América?
 - ¿Quen é o Gran Khan que se cita no texto?
- Martiño ten vertixe. ¿En que consiste, en realidade, ese problema? ¿Como se soluciona? ¿Coñeces a alguén que tamén o padeza?
- Un dos grumetes é alcumado Miñoa. Os alcumes poden ser crueis, pero tamén é certo que moitas veces resultan absolutamente divertidos. Fagamos unha listaxe con todos os alcumes que coñezamos.
- Naqueles tempos as froitas tropicais non eran coñecidas, pero agora si. Escribamos o nome de todas as que coñezamos.
- O escorbuto era unha enfermidade que padecían moitos mariñeiros desa época. Informémonos acerca dela.
- Violas, laúdes, rabeis, zanfonas, chirimías e dulzainas son instrumentos musicais daquela época. Intentemos conseguir fotos ou debuxos nos que estean representados.
- Martiño preguntábase se estaba vivindo dúas vidas a un tempo. ¿Somos quen de imaxinarnos como podería ser iso? ¿Non sentiches ese desexo en máis dunha ocasión? Seguramente algunha vez quixestes viaxar e ao tempo quedar... Escribamos un relato no que suceda isto.

actividades

- Indagar cales son os recursos literarios que se atopan nos seguintes fragmentos:

«Unha lúa, redonda como roda de carro, brillaba no ceo enchendo de prata o mar.»

«A lúa baixaba camiño do horizonte.»

«Como un trono que subira do fondo do mar, como o bruído estentóreo, como a queixa dun mostro ferido de morte, así berrou a *Santa María*.»

«Con voz calma pero afiada coma o gume dunha espada.»

«O Almirante daba as ordes con voz segura e firme, con frases curtas que estalaban coma lategazos.»

- Unha branca de cobre do século XV é o nexo de unión entre as dúas vidas ou entre a realidade e o soño. Opinemos acerca disto, de como se produciu ese salto no tempo ou na consciencia, desa pluma de papagaio que Martiño viu (¿ou creu ver?) entre as sabas e a ladaíña que pareceu escoitar.
- Despois de ler a «Nota do autor» aínda teremos máis tema para opinar.
- Situemos Haití nun mapa.
- Poñémoslle título a cada un dos capítulos da novela.

Despois da lectura

- Realizamos un marcador de lectura axeitado para este libro.
- Nunha posta en común intercambiamos as opinións sobre a lectura, o que máis nos gustou, etc.
- Encargámoslle a alguén que escriba un texto recomendando a lectura deste libro. Publicarémolo na revista escolar ou no boletín de biblioteca.
- Escribiremoslle unha carta ao autor.
- Realicemos unha nova capa para este libro cunha nova ilustración e buscándolle un novo título a esta historia.
- Busquemos eses outros libros do autor que agora nos apetece seguir lendo.
- Se alguén non leu aínda *A illa do tesouro*, este é un bo momento para facelo.
- Este autor gañou en dúas ocasións o certame de relatos de aventuras Avilés de Taramancos. Podemos preguntarnos a razón pola que o premio leva o nome deste escritor. Aproveitar para ler a biografía e algo da obra de Avilés de Taramancos.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓN XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro Martínez, 2006
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2006
Depósito legal: VG. 81-2006